

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E TRINTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTECATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **EXPEDIENTE 1009/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE MANTEMENTO DE ASOCIACIÓNS CULTURAI E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI. ANO 2017.**
- 3º.- **EXPEDIENTE 1060/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL, NO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2017.**
- 4º.- **EXPEDIENTE 682/2017. CONCESION DE AXUDAS EN CONCEPTO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2017-18.**
- 5º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**
- 6º.- **EXPEDIENTE 1145/17. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR "REDACCIÓN DE PROXECTO: NOVA CASA CONSISTORIAL".**
- 7º.- **URBANISMO.**
- 8º.- **CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA E O CONCELLO DE SILLEDA.**

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 05 de Outubro de 2017

2º.- EXPEDIENTE 1009/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE MANTEMENTO DE ASOCIACIÓNS CULTURAI E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI. ANO 2017

Á vista da proposta do 06/09/2017, da Comisión Valorativa das solicitudes de subvencións culturais do Concello de Silleda para este exercicio 2017, que literalmente dí:

"En Silleda a 6 de Septiembre de 2017, reunidos, para a valoración das Subvencions para Asoc. Cultura do Concello de Silleda:

COMISIÓN DE SUBVENCÍONS

PRESIDENTA :Concelleira de Cultura Dna. Ana Luisa Gonzalez

VOCAL 1:; Técnico de Cultura : Sara Blanco

VOCAL 2: Funcionario : D.David Garcia

Acordan:

Vista documentación aportada polos clubs e asociacións Culturais una vez feita a valoración por puntos según as Bases publicadas no BOPP nº74 do 18 de Abril do presente ano, aprobar as axudas quedando do seguinte xeito:

ENTIDADE	PUNTOS	IMPORTE €
<i>Sociocultural de Cortegada</i>	9	500,00
<i>Xenerais de Lamela</i>	7	400,00
<i>ANPA Musiquiños</i>	9	500,00
<i>A.C.V. Axóuxere de Fiestras</i>	9	500,00
<i>O Cruceiro de Breixa</i>	18	600,00
<i>Refoxos</i>	6	300,00
<i>Coto do Castelo</i>	9	500,00
<i>Gaiteiros da Pereiriña</i>	14	800,00
<i>O son da ferverza</i>	14	800,00
<i>Carqueixas</i>	6	300,00
<i>Xirandola</i>	47	6.860,00
<i>Fortín da Pomba</i>	33	5.338,00
<i>Vista Alegre</i>	50	4.100,00
<i>Coro Vales Mahía</i>	25	1.780,00
<i>Coral Trasdeza</i>	34	4.200,00
<i>Banda de Silleda</i>	53	15.950,00
<i>Banda de Bandeira</i>	48	14.570,00
TOTAL	391	57.998,00

Visto dito acordo, reunindo os beneficiarios os requisitos descritos nas bases e visto o informe favorable de intervención de data 5 de outubro de 2017

Proponse:

A concesión da subvención de conformidade co recollido pola comisión de valoración."

Visto o informe favorable de intervención de data 05 de outubro de 2017

Polo exposto, e de acordo coa proposta que se acaba de transcribir, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** outorgar as subvencións para a realización de Actividades de Mantemento de Asociacións Culturais e Realización de Actividades Culturais do Concello de Silleda para este exercicio 2017 nos termos que figuran na proposta da Comisión.

3º.- EXPEDIENTE 1060/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL, NO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2017.

Á vista da proposta do 06/09/2017, da Comisión Valorativa das solicitudes de subvencións para asociacións veciñais do Concello de Silleda para este exercicio 2017, que literalmente dí:

"En Silleda a 6 de Septiembre de 2017, reunidos, para a valoración das Subvencións para asociación veciñais do Concello de Silleda:

COMISIÓN DE SUBVENCIONS:

PRESIDENTA: Concelleira de cultura Ana Luisa Gonzalez.

VOCAL 1: Técnico de cultura Sara Blanco.

VOCAL 2: Funcionario David García.

A vista da documentación aportada e unha vez feita a valoración por puntos según as bases publicadas no BOPP nº 76 de 20 abril aprobar as axudas do seguinte xeito:

ASOCIACIÓN	PUNTOS	IMPORTE €
<i>Asc. Semana Verde</i>	<i>39</i>	<i>370,00</i>
<i>Veciños de Parada</i>	<i>39</i>	<i>370,00</i>
<i>Veciños de Laro</i>	<i>39</i>	<i>370,00</i>
<i>Vilar de Trasdeza</i>	<i>39</i>	<i>370,00</i>
<i>Mulleres Mun. Silleda</i>	<i>38</i>	<i>360,00</i>
<i>Santiago Apostol</i>	<i>38</i>	<i>360,00</i>
<i>ANPA Brincadeira</i>	<i>38</i>	<i>360,00</i>
<i>Avema</i>	<i>37</i>	<i>320,00</i>
<i>Copa do Castro</i>	<i>37</i>	<i>320,00</i>
<i>S. Miguel de Lamela</i>	<i>36</i>	<i>300,00</i>
<i>Avecuco Cortegada</i>	<i>36</i>	<i>300,00</i>
<i>Mulleres Abades</i>	<i>33</i>	<i>270,00</i>
<i>Mulleres Fervenza Escuadro</i>	<i>33</i>	<i>270,00</i>
<i>Mulleres de Rellas</i>	<i>33</i>	<i>270,00</i>
<i>Asoc. Veciño de Paredes</i>	<i>33</i>	<i>270,00</i>
<i>Acosta Abades</i>	<i>32</i>	<i>250,00</i>

Visto dito acordo, reunindo os beneficiarios os requisitos descritos nas bases e visto o informe favorable de intervención de data 18 de outubro de 2017

Proponse:

A concesión da subvención de conformidade co recollido pola comisión de valoración.."

Visto o informe favorable de intervención de data 18 de outubro de 2017

Polo exposto, e de acordo coa proposta que se acaba de transcribir, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** outorgar as subvencións para a realización de actividades de promoción da participación social e/ou veciñal, no Concello de Silleda, ano 2017. nos termos que figuran na proposta da Comisión.

4º.- EXPEDIENTE 682/2017. CONCESION DE AXUDAS EN CONCEPTO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2017-18.

Vista a proposta da concelleira de Bemestar Social, Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social, M^a Pilar Peón Iglesias, de data 23 de outubro de 2017 que literalmente dí:

"Eu, Pili Peón como concelleira de Benestar Social, , Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, que con data 24 de agosto de 2017 se aproban as NORMAS POLAS QUE SE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2017-18.

Visto, que hai familias solicitantes que acadan os requisitos establecidos nas bases.

Visto que hai familias que sen acadar todos os requisitos establecidos nas bases estimase a concesión destas axudas para satisfacer demandas de primeira necesidade, de acordo co informe social.

Visto que hai dúas familias que non reúnen ningún dos requisitos establecidos nas bases.

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder ás familias que reúnen os requisitos e as que así o establece o informe social, o pago das axudas correspondentes que se relacionan a continuación

DNI/ PASAPORTE	SOLICITANTE	FILLOS/AS	GASTO TOTAL	CHEQUE XUNTA	VALE CONCELLO
-----	O. P.L.	S.P.L	150,53€	50,00€	100,53€
-----	A.S.	N.S.	314,34€	informe social	314,34€
-----	J.L.M.V.	M.A.I.S.	21,34€	50,00€	271,34€
-----	S.Z.G.	A.V.Z.	248,20 €	220,00 €	28,20€
-----	S.D.J.S.	N.R.S.	214,81 €	50,00€	164,81€

-----	S.D.J.S.	N.R.S.	110,50€	50,00€	60,50€
	M.C.F.D.	A.T.F.	NON CUMPRE COS REQUISITOS DA CONVOCATORIA		
09840849T	J.L.M.V.	S.M.S.	NON CUMPRE COS REQUISITOS DA CONVOCATORIA		

Pili Peón - Concelleira de Benestar Social, , Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social
Silleda, 23 de outubro de 2017"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

- Aprobar a concesión de axudas complementarias para libros de texto e material escolar (Curso 2017-18) segundo listado que consta no expediente.

5º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**

5.1.- Expediente 994/17. A.S. Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Mª Celia González Peteiro, de data 04 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **A.S.** polos seguintes importes:

Nº de Factura: 39/17
Importe: 16,50 €

5.2.- Expediente 869/17. A.S. Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Mª Celia González Peteiro, de data 22 de setembro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **A.S.:**

Nº de Factura: 35/17
Importe: 122,15 €

Nº de Factura: D-033996

Importe: 16,11 €

6º.- EXPEDIENTE 1145/17. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR "REDACCIÓN DE PROXECTO: NOVA CASA CONSISTORIAL".

Vista a proposta da Alcaldía, de data 23 de outubro de 2017, en relación ó contrato menor "Redacción de proxecto: Nova Casa Consistorial", que literalmente dí:

"O Concello convocou, logo do acordo plenario de 27 de Xullo, aos profesionais do municipio para que formularan as súas ideas cara a redacción do Proxecto de "NOVA CASA CONSISTORIAL" co antecedente da consulta popular sobre esa decisión. A relación de Arquitectos que presentaron propostas para realizar o proxecto de construción aludido é a seguinte:

*Román Gómez Fraiz
Lema de Oliveira Amorin
Natalia Campos Ferro
Abraham Castro Neira.*

Sobre a base do conxunto dos distintos parámetros utilizados: idea arquitectónica, estilo, solucións dos espazos, distribución interior, deseño, aproveitamento da parcela, enfoque dos distintos usos polos veciños, así como dos traballadores municipais, calidade construtiva, instalacións e equipamentos, aproximación a valoración económica, se procede a facer a puntuación individualmente polos 7 membros, a Mesa de Contratación, por unanimidade,

RESOLVE

- Considerar que a idea mais interesante globalmente considerada é a do Arquitecto Abraham Castro Neira, elevando a Xunta de Goberno Local a proposta de que sexa seleccionado para a redacción do proxecto da nova Casa Consistorial no edificio actual da Casa de Cultura.

Tendo en conta que de acordo cos artigos 111 e 138 do TRLCSP se consideran contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 50.000 euros e que estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria.

Visto o resultado da valoración sinalada e vista a oferta presentada polo arquitecto Abraham Castro Neira con NIF 76817198 por importe 15.919 euros (19.261,99 IVE incluído) ao abeiro das competencias desta alcaldía segundo o disposto no art. 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Proponse:

Adxudicar por contrato menor a Abraham Castro Neira con NIF 76817198 por importe 15.919 (19.261,99 IVE incluído) euros a elaboración do citado proxecto básico."

Polo exposto, e de acordo coa proposta que se acaba de transcribir, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** adxudicar o contrato menor "Redacción de proxecto: Nova Casa Consistorial" ó arquitecto Abraham Castro Neira con NIF 76817198 por importe 15.919 euros (19.261,99 IVE incluído).

7º.- URBANISMO.

7.1.- Expte. 842/17. Licenza de Obra Maior. CRISTIAN VALER NAGI.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por CRISTIAN VALER NAGI, Rexistro de Entrada nº 3251 de data 16 de xuño de 2010, para acondicionamento de local para destinalo a cafetería, na rúa Trasdeza, n.º 36 baixo (Silleda).

Visto o informe emitido o 17 de outubro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Cristian Valer Nagi		
Data de rexistro	16/XUÑ/2010	Nº 3251	Expediente 842/2017
Solicitude	Acondicionamento de local para destinalo a cafetería		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		Superficie construída: 136,03 m ²
Emprazamento	Rúa Trasdeza, nº 35, baixo, Silleda		
Referencia catastral	36052K503003590004UB		Superficie Catastro: 152 m ²
Autor do Proxecto	José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico Colexiado PR210		
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 12/07/2010			
Dirección de Obra n/d			
Dirección de Execución n/d			
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	19.702,03 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Planeamento do Concello de Silleda
- 11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Cristian Valer Nagi, presentada con R.E. 3251 de 16/XUÑ/2010. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico colegiado PR210 e xustificante de pago de taxas municipais. O contido do expediente é o que se relaciona a continuación:

Tipo de solicitude	Nome	Data escrito	Nº R.E.	Rex. Entrada	Nº R.S.	Data saída
LICENCIA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CAFETERÍA	Julia María Valer Nagi e Cristian Valer Nagi	15/07/2010	3251	16/07/2010		
INFORME DE DEFICIENCIAS	Lino Manuel Doporto Framil	17/09/2010				
REMISIÓN DE INFORME	Rexistro Xeral	17/09/2010			1760	21/09/2010
CERTIFICADO DE TRAMITACIÓN	Secretaría Xeral	10/08/2011				
SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE A E CONTRACTO DE ARRENDAMENTO Cristian Valer Nagi (ARRENDADOR) Ramona Candrea Chelsoi (ARRENDATARIA)	Ramona Candrea Chelsoi	09/09/2011	3940	14/09/2011		
SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE E CONTRACTO DE ARRENDAMENTO José Iglesias Méndez* (arrendador)_ Enrique Iglesias Fernández (arrendatario)	Enrique Iglesias Fernández	05/11/2014	4929	05/11/2014		
INFORME DE DEFICIENCIAS	Lino Manuel Doporto Framil	20/11/2014				
REMISIÓN DE INFORME	Rexistro Xeral				2262	09/12/2014
CAMBIO DE LICENCIA A CAFÉ - CONCERTO	Enrique Iglesias Fernández	19/02/2015	747	19/02/2015		
LICENZA DE ACTIVIDADE	Cristian Valer Nagi	21/08/2015	5151	11/09/2015		
COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA	Cristian Valer Nagi	22/04/2016	1640	25/04/2016		
INFORME DE DEFICIENCIAS	Lino Manuel Doporto Framil	26/04/2016				
REMISIÓN DE INFORME	Rexistro Xeral	26/04/2016			1020	27/04/2016
RENUNCIA Á TRAMITACIÓN DE CAFÉ CONCERTO E TRAMITACIÓN COMO CAFETERÍA	Cristian Valer Nagi	10/05/2017	2186	10/05/2017		

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Acondicionamento de local para destinalo a cafetería**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 2**.

5. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:
"La actividad del local es la de cafetería"

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **recreativo de relación**: "ART. 139.- DEFINICIÓN: 1.- Comprende los lugares cerrados o abiertos, cuya finalidad principal es la de cobijar actividades de vida social o de relación entre los individuos, comprendidos por tanto, cafés, restaurantes, salones de baile y similares. En concreto, no grao 3: "3º.- Locales Pequeños.- Todos los usos anteriores hasta 250 m² de superficie total." (...). **Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18 do nomeado PXOM** (Recreativo de Relación.- Todos los grados).

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

8. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o **abastecemento de auga**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

14. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Acondicionamento de local para destinalo a cafetería solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto cun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/ 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, salvo que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a CRISTIAN VALER NAGI para acondicionamento de local para destinalo a cafetería, na rúa Trasdeza, n.º 35 baixo, Silleda, parcela con referencia catastral 36052K503003590004UB, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

Asimesmo, para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto cun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/ 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, salvo que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

7.2.- Expte. 821/17. Corrección de erros. Licenza de Obra Maior. Reforma de estrutura de cuberta e substitución de carpinterías. MANUEL TROITIÑO LORENZO.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de setembro de 2017, en relación a licenza de obra maior solicitada por Manuel Troitiño Lorenzo, para reforma de estrutura de cuberta e substitución de carpinterías.

Visto que, con data 16 de outubro de 2017, polo Arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, emítese novo informe de corrección de erros, relativo ao orzamento de proxecto e de autorizacións necesarias, polo que foi concedida licenza de obra maior en Xunta de Goberno Local do 18.09.17, que conclúe o seguinte:

"INFORME DE CORRECCIÓN DE ERROS: Advertida errata no informe emitido por este arquitecto e asinado o día 12 de setembro de 2017, relativa ao orzamento de proxecto e ás autorizacións necesarias, polo que foi concedida licenza de obra en xunta de goberno de día 18 de setembro de 2017, emítese novo informe de subsanación que substitúe ao anterior:

Solicitante	Manuel Troitiño Lorenzo		
Data de rexistro	08.OCT.2012	Nº 5259	Expediente 821/2017
	22.MAI.2017	2370	
Solicitude	Reforma de estrutura de cuberta e substitución de carpinterías		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		Superficie construída: 250 m2
Emprazamento	A Cruz, nº27, Chapa		
Referencia catastral	36052C505004340000TJ		Superficie Catastro: 732 m2
Autor do Proxecto	Sanmiguel Guerreiro, José Luis. Colexiado nº 2.564		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 19.MAI.2017		
Dirección de Obra	Sanmiguel Guerreiro, José Luis		
Oficio de Dirección	N/d		
Dirección de Execución	N/d		
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	34.262,77 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010:	48.906,00 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 12 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
 - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre a solicitude de licenza asinada por Manuel Troitiño Lorenzo, presentada inicialmente con R.E. 5259 o 08.OCT.2012 e o proxecto visado con R.E. 2370 o 22.MAI.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Sanmiguel Guerreiro, José Luis. Colexiado nº 2.564 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Reforma de estrutura de cuberta e substitución de carpinterías, está clasificado como solo de núcleo rural histórico-tradicional.

5. A edificación está próxima á estrada Nacional 525 e tamén a un elemento catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016. O Concello de Silleda recibiu, con rexistro de entrada 1402 de 07.ABR.2016 e rexistro de saída da Xunta de Galicia nº 35132/RX449956 de 04/04/2016 documentación relativa á revisión da situación do xacemento e da ficha de Inventario na Cruz, Chapa (GA36052011). Á vista deste informe, non sería preciso a autorización da Delegación Territorial de Patrimonio Cultural, xa que a ubicación do elemento cuxa protección afectaba á edificación que se pretende rehabilitar foi modificada pola Consellería.

6. A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que se aprecia nas ortofotos do voo americano.

7. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou</p>	SI

promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

